

Primaria

# Ciencias Sociais 3

Programación

## Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

O lugar onde vivo.

### Descrición da unidade

Nesta segunda unidade didáctica tratarase a localidade como lugar onde levamos a cabo as nosas actividades diarias atendendo ás diferenzas e peculiaridades entre a vida no pobo e a vida na cidade.

Os devanditos contidos mostraranse coa seguinte secuencia didáctica, que presenta un eixe condutor sobre o que fundamentar o proceso de ensino-aprendizaxe:

- En primeiro lugar, aproximáremos ao concepto de localidade e estableceremos a diferenza entre vivir nunha aldea e vivir nunha cidade.
- Estudaremos os diferentes tipos de barrios e as súas características, así como os elementos visibles e ocultos que compoñen as rúas.
- Seguidamente, tratarase o concello e a súa composición como corporación que organiza os diferentes servizos municipais así como o proceso das eleccións municipais.
- Nas últimas páxinas consideraremos dúas tarefas competenciais co fin de adquirir o logro das competencias básicas en relación cos contidos tratados ao longo da unidade, así como un repaso da unidade para afianzalos.

### Temporalización:

Outubro          Novembro

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar e coñecer o concepto de localidade e os diferentes tipos de localidades que hai.
- Diferenciar e identificar os distintos tipos de barrios e elementos das rúas que hai nas localidades.
- Comprender as diferentes acepcións do termo concello.
- Coñecer a estrutura e o funcionamento do goberno da localidade e os servizos que presta.
- Recoñecer o proceso de eleccións xerais.
- Desenvolver hábitos de conciencia cidadá referidos á circulación viaria, como peóns e como usuarios de transportes e doutros servizos.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• As localidades onde vivimos: aldeas, vilas e cidades.</li> <li>• Os barrios e as rúas da localidade. Tipos de barrios.</li> <li>• As rúas e os seus elementos visibles e invisibles.</li> <li>• O goberno da localidade, a súa composición.</li> <li>• Os servizos municipais.</li> <li>• As eleccións municipais.</li> <li>• As normas cidadás: educación viaria e cívica.</li> </ul>	1. Definir localidade e identificar os diferentes tipos de localidades que hai.	1.1. Define localidade, coñece os seus tipos e úsaos para comparar e clasificar localidades. 1.2. Recoñece algunhas características propias das cidades e das aldeas e diferencia entre poboación rural e urbana.
	2. Diferenciar os distintos tipos de barrios que hai nas localidades.	2.1. Define barrio e identifica, describe e compara distintos tipos de barrio, segundo a súa antigüidade e a súa situación.
	3. Identificar e nomear os diferentes elementos que compoñen as rúas da localidade.	3.1. Define, recoñece e localiza os diferentes elementos visibles e ocultos que compoñen a rúa.
	4. Definir concello e coñecer diferentes acepcións do termo.	4.1. Define concello e coñece as diferentes acepcións e significados que ten.
	5. Comprende a estrutura básica dos concellos.	5.1. Explica a estrutura do concello e as funcións que realiza.
	6. Coñece os servizos municipais dos que se encarga o concello.	6.1. Nomea e describe os servizos municipais e identifica tarefas que realiza cada un.
	7. Recoñece o proceso das eleccións municipais.	7.1. Coñece e comprende cada unha das fases do proceso das eleccións municipais.
	8. Desenvolver hábitos de conciencia cidadá referidos á circulación viaria, como peóns e como usuarios de transportes e doutros servizos.	8.1. Actúa acorde ás normas cidadás respectando o mobiliario urbano e o código de circulación.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Define localidade, coñece os seus tipos e úsaos para comparar e clasificar localidades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
1.2. Recoñece algunhas características propias das cidades e das aldeas, e diferencia entre poboación rural e urbana.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
2.1. Define barrio e identifica, describe e compara distintos tipos de barrio, segundo a súa antigüidade e a súa situación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas nos RF.</li> </ul>
3.1. Define, recoñece e localiza os diferentes elementos visibles e ocultos que compoñen a rúa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
4.1. Define concello e coñece as diferentes acepcións e significados que ten.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
5.1. Explica a estrutura do concello e as funcións que realiza.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
6.1. Nomea e describe os servizos municipais e identifica tarefas que realiza cada un.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
7.1. Coñece e comprende cada unha das fases do proceso das eleccións municipais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Ficha de reforzo dos RF.</li> <li>• Actividades propostas no CT.</li> </ul>
8.1. Actúa acorde ás normas cidadás respectando o mobiliario urbano e o código de circulación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Expresar oralmente de forma ordenada e clara, calquera tipo de información.	Representa oralmente un mitin electoral.
	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións...	Comprende a información dada por parte do docente e dos seus compañeiros.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.	Elaboración dun cuestionario para entrevistar o alcalde da localidade.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno de xeito respectuoso.	Desenvolve e recoñece actitudes de conservación das rúas e respecto cara ás persoas que conviven nela.
	Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos... ) en situacións cotiás.	Utiliza datos numéricos e unidades de medida de lonxitude e de tempo para resolver problemas da vida cotiá.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Encontra información adecuada para resolver as diferentes actividades propostas.
	Comprender as mensaxes elaboradas que veñen dos medios de comunicación.	Interpreta con corrección a información extraída de Internet.
<i>Aprender a aprender.</i>	Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.	Comproba a través das diferentes actividades o resultado do proceso de ensino-aprendizaxe.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Representa ideas e conceptos en esquemas ou gráficos simples.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema, a Constitución española.	Comprende e escenifica o proceso das eleccións municipais como dereito que teñen todas as persoas maiores de 18 anos.

	<i>Educación en valores:</i> Recoñecer riqueza na diversidade das opinións e ideas.	Respecta as opinións e os diferentes puntos de vista dos demais nos debates realizados.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Achega opinións persoais e orixinais ante chubias de ideas ou preguntas emitidas polo docente, algún compañeiro ou o propio libro de texto.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto polas obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial e da localidade.	É consciente da necesidade de respectar e valorar as obras de arte e monumentos máis importantes que forman parte do patrimonio da localidade.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Recoñece a beleza de diferentes monumentos e obras de arte da localidade.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1. A aldea de Irene

- Activamos os coñecementos previos sobre o título no LA e suxestións da PD.
- Describiremos e interpretaremos as imaxes do LA e realizaremos a lectura inicial segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades propostas tras a lectura no LA.
- Completamos con actividades da PD.

### Tarefa 2: Vivimos en localidades

- Activamos os coñecementos previos segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Introducimos o concepto de localidade e os seus tipos coas suxestións metodolóxicas da PD e a través do LA.
- Aproximámonos ás características dos tipos de localidades (aldeas, vilas e cidades) a partir do LA e as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

### Tarefa 3: Os barrios e as rúas da cidade

- Activación de coñecementos previos a partir das suxestións metodolóxicas da PD.
- Lectura compartida do texto sobre os barrios do á partir das suxestións metodolóxicas da PD.
- Realización das actividades propostas do LA e do LD.
- O texto sobre as rúas podería introducirse analizando a imaxe da páxina segundo a PD e, a continuación, proceder á lectura do LA.
- Realización das actividades propostas do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

### Tarefa 4: O goberno da localidade

- Introducimos os contidos sobre o concello e os servizos municipais segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Procederáse á lectura da páxina correspondente do LA.
- Para a adquisición dos coñecementos relacionados coas eleccións municipais, procederemos á activación dos coñecementos previos segundo a PD e iremos identificando ao mesmo tempo que se procede á lectura cada unha das viñetas que aparecen no LA.
- Realizamos as actividades propostas no LA e as interactivas do LD.
- Completamos coas actividades propostas na PD.

### Tarefa 5: Tarefas / Competencias

«Unha localidade moi viaria»

- Aproximación ao concepto de educación viaria segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Lectura compartida do texto no LA segundo as suxestións da PD.
- Realización das actividades propostas pola tarefa competencial no LA e na PD.

- Completamos con actividades interactivas do LD.  
«Unha visita ao concello»
- Iníciase organizando a grupos e realízanse as actividades propostas na tarefas competencial no A e posteriormente na PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD.

#### **Tarefa 6:** Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

## **7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo, como a lectura compartida, parada de tres minutos e mesa redonda. Igualmente, propíciase a explicación de contidos a partir de lapis ao centro ou mapa conceptual compartido.
- Iniciación ao coñecemento dos sinais de tráfico, sobre todo daquelas que máis as poidan afectar como peóns, axudados coa tarefa «Unha localidade moi viaria».
- Desenvolvemento de diferentes actividades, como a dramatización dun pleno municipal, a solución de problemas, a elaboración dunha entrevista ao alcalde... axudados coa tarefa «Unha visita ao concello».
- Reflexión sobre os traballos que se realizan desde o concello nas grandes cidades e nas aldeas pequenas. Establecemento de diferenzas e similitudes.
- Simulación de eleccións, coa elección de alcalde ou alcaldesa da clase. Posta en marcha dunhas eleccións na aula, cunha campaña electoral e eleccións.

## **8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno, o caderno de traballo.
- Ademais, propónse a utilización do seguinte material manipulativo para axudar á adquisición dos contidos: material funxible, como cartolinas, plastilina, lapis de cores, ceras...

#### **Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.
- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades.



## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?